Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	34	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de acometidas eléctricas monofásicas e trifásicas para dar servizos a diversos postos, co motivo da celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018		
Nº orzamentos	1	Provedores	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

aportados		
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (01/08/2018)	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	
NIF/CIF:	A80241789	
Importe (IVE Incluído):	10.508,85 €	
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.	

Nº Proposta	35	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Instalación de escenario con tarima antideslizante para actos, co motivo da celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (01/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ		
NIF/CIF:	52936417P		
Importe (IVE Incluído):	323,70 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	36	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de tren infantil os días 17 a 19/08/2018, co motivo da celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (01/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEKEXOGO ANIMACIÓN E OCIO, S.L.		
NIF/CIF:	B70239439		
Importe (IVE Incluído):	1.996,50 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	37	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión de cartelería para difusión e promoción, co motivo da		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018	
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - RÓTULOS BARBANZA
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (01/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (IVE Incluído):	515,36 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	38	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión de lonas para difusión e promoción, co motivo da celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (01/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	DOSTEX, S.L.		
NIF/CIF:	B15944002		
Importe (IVE Incluído):	389,62 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		

Nº Proposta	39	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de carga, retirada e traslado de infraestrutura, co motivo da celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.
Informe:	Interventor – Pablo Bao Castro (01/08/2018)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE Incluído):	430,15 €		
Observacións:	A Xunta de Goberno Local declara que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten subscritos máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra de 40.000 euros no caso de obras, e de 15.000 euros no caso de subministrados e servizos.		





Nº Proposta	40	Data	31/07/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Turismo e Comercio Antonio Javier Jesús Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración da feira Artemar do 16 ao 19/08/2018		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe (IVE Incluído):	1.000,00 €		
Observacións:	<p>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aprobar o programa de actos co motivo da celebración da feira "Artemar" - Aprobar as bases dos concursos de escaparatismo, decoración hostaleira e ruta de tapas 		

APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (XVI Andaina Popular Concello de Riveira).

Visto o informe emitido polo **Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas**, co visto e prace do **Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes, Anxo Orellán Fernández**, de data 23/07/2018, no que solicita a aprobación de prezos públicos para os participantes na XVI Andaina Popular Concello de Riveira.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal, Pablo Bao Castro**, de data 23/07/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.- A aprobación do **prezo público** de **14,00 €** por participante federado inscrito antes do 24/08/2018, de **16,00 €** para participantes non federados inscritos antes do 24/08/2018, e de **25,00 €** para participantes inscritos, federados ou non, a partir do 24/08/2018.

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado





APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (Rutas en veleiro pola Ría de Arousa).

Vista proposta do **Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Jesús Freire Brión**, de data 31/07/2018, no que solicita a aprobación de prezos públicos para a actividade Rutas en veleiro pola Ría de Arousa.

Visto o informe emitido ao respecto polo **Interventor Municipal**, Pablo Bao Castro, de data 01/08/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

1.- A aprobación do **prezo público** de **12,00 €** para adultos e de **8,00 €** para nenos de ata 12 anos.

2.- Publicar un anuncio que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado

III.- CONTRATACIÓN.

APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN DO LAVADOIRO DO RÍO ARTES”

O estado actual do lavadoiro do río Artes é o resultado dunha actuación realizada nos anos 70, estando formado por unha estrutura de pilares de formigón cunha cuberta metálica que, ademais de ser pouco apropiados para o entorno, fóronse deteriorando ata o punto de resultar agresivos e contaminantes para o lugar. Para recuperar a condición natural do lugar e do río é preciso retirar a cuberta metálica e a estrutura de formigón, así como recuperar o pavimento orixinal de pedra completándoo con lastros e colocando pedras de granito silvestre do Barbanza como bancada.

Esta actuación está financiada pola Consellería de Medio Ambiente o Ordenación do Territorio, segundo notificación de resolución de concesión de axuda (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 06/07/2018 co número 10.319), ditada ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras ea convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito dos parques naturais de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Cofinanciada con fondos municipais

Consta no expediente:





- 1) Proposta de actuación/memoria xustificativa redactada polo arquitecto José Carlos Seoane González, na data febreiro/2018, con un prezo total de licitación de 48.068,27 euros (Base: 39.725,84 euros; IVE 21%: 8.342,43 euros), sendo o prazo de execución de 3 meses.
- 2) Acta de apertura das ofertas presentadas realizada na data 15/02/2018.
- 3) Proxecto técnico redactado polo arquitecto José Carlos Seoane González, na data xullo/2018, con un prezo total de licitación de 48.068,27 euros (Base: 39.725,84 euros; IVE 21%: 8.342,43 euros), sendo o prazo de execución de 3 meses.
- 4) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 20/07/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 5) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/07/2018, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 6) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 23/07/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 7) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 26/07/2018, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a terreos de titularidade municipal, que os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo planeamento xeral como solo de núcleo rural; que a natureza das obras axústanse as legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, e que non se precisa autorización sectorial algunha.
- 8) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal na data 26/07/2018 (número de operación 2018 22014316), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 336.61900.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de





14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

“1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.”

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	NIF	Registro		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Nemesio Ordóñez, S.A	A-15.146.608	14/02/2018	1968	44.256,33 euros
Tarrío y Suarez, S.L	B-15.090.061	14/02/2018	1972	43.606,49 euros
Sonsense de Granitos,S.L	B-15.635.063	15/02/2018	2018	41.338,67 euros

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/07/2018.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto técnico redactado polo arquitecto Jose Carlos Seoane González na data xullo/2018, para as obras de **Rehabilitación do lavadoiro do río Artes**, cun prezo total de licitación de de 48.068,27 euros (Base: 39.725,84 euros; IVE 21%: 8.342,43 euros), sendo o prazo de execución de 3 meses.





SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 336.61900.

CUARTO.- Adjudicar o contrato menor para a realización das obras de Rehabilitación do lavadoiro do río Artes á empresa “Sonense de Granitos, S,L**” (NIF: B-15.635.063), no prezo total do contrato de 41.338,67 euros (Base: 34.164,19 euros; IVE 21%: 7.174,48 euros), segundo o seu orzamento número 0037/18 da data 14/02/2018.**

QUINTO.- Designar como Director das obras ó arquitecto redactor do proxecto José Carlos Seoane González (CSA Arquitectura, S.L. / NIF: B15666357).

SEXTO. Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

SÉTIMO. Notificar o acordo ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da recepción do mesmo.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31/07/2018 “**Decreto: Aprobación do proxecto técnico das obras de “Mellora de accesibilidade desde Porto Alto ata o Faro de Corrubedo (Marxe dereita)”**”

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 31/07/2018 “**Decreto: Aprobación do proxecto técnico das obras de “Reforzo do firme da estrada de Gándara (Artes)”**”

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

CAMBIO DE TITULARIDADE DA SEPULTURA Nº 4018 NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIVEIRA

VISTA a solicitude de **D. Juan Ventura Fontaiña Pérez**, con enderezo na Avda de A Coruña, nº 29, Riveira, no que insta se expida ó seu nome nova cartulina de **titularidade da sepultura nº 4018** sita no Cemiterio Municipal de Riveira a nome de herederos de Juan Pérez Arias os cales renuncian á súa parte a favor do solicitante, constando a sinatura en proba de conformidade de cada un deles.

CONSIDERANDO o disposto no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por RD 1372/86 de 13 de xuño, o Regulamento de Policía Sanitaria e





Mortuoria 2263/74, así como o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais de 17 de xuño de 1955

CONSIDERANDO que de acordo coa doutrina e xurisprudencia a transmisión de concesión de nichos está limitada unicamente á vía hereditaria nos termos que o Código Civil establece.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros, e de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015:

Primeiro:- Acceder ó solicitado e conceder a **D. Juan Ventura Fontaiña Pérez**, con enderezo na Avda de A Coruña, nº 29, Riveira, a expedición ó seu nome nova cartulina de **titularidade da sepultura nº 4018** sita no Cemiterio Municipal de Riveira a nome de herederos de Juan Pérez Arias, toda vez que os mesmos renuncian á súa parte a favor do solicitante, constando a sinatura en proba de conformidade de cada un deles.

Segundo: Notificalo presente acordo ó interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Rosa María Pérez Sampedro**, de data 19/07/2018 (Rexistro de entrada nº 10.881), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Carreiro (Anexo Nordés, 1), Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/07/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Rosa María Pérez Sampedro autorización para a instalación dun senal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Carreiro (Anexo Nordés, 1), Aguiño, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por **Ángela Sánlés Sampedro**, de data 06/08/2018 (Rexistro de entrada nº 11.476), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Fonte Ramil, nº 28, Castiñeiras.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 07/08/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Ángela Sánlés Sampedro autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado Rúa Fonte Ramil, nº 28, Castiñeiras, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





3.- Visto o escrito presentado por **Alejandra Durán Millán**, de data 23/07/2018 (Rexistro de entrada nº 10.987), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Numancia, nº 12, Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 27/07/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Alejandra Durán Millán** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (0,80 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible situado Rúa Numancia, nº 12, Palmeira, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

4.- Visto o escrito presentado por Clara Álvarez Romano en representación de **Dolores Álvarez Romano**, de data 10/07/2018 (Rexistro de entrada nº 10.400), no que solicita o pintado de liñas amarelas ou a autorización para instalación dunha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado no Lugar de Vixán, nº 23, Carreira.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/07/2018 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Informar a **Clara Álvarez Romano** que, según o sinalado no citado informe policial, a rúa sita no lugar de Vixán (Carreira), á altura do nº 23, é un tramo peonil de uso e servizo para as vivendas, regulado polo artigo 91 do Regulamento Xeral de Circulación, o cal indica que non se pode estacionar o vehículo impedindo a circulación tamto de vehículos como de peóns.

Por elo non cabe a necesidade da colocación de sinal de vao permanente ou liñas amarelas xa que, ao tratarse dun tramo peonil, o estacionamento non está permitido para ningún vehículo.

5.- Visto o escrito presentado por **Manuel Vidal Oliveira**, de data 13/07/2018, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Carreiro, nº 8, Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 15/07/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





Conceder a Manuel Vidal Oliveira autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Carreiro, nº 8, Aguiño, según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Juan López Fontaíña**, de data 16/07/2018 (Registro de entrada nº 10.656), no que solicita unha reserva dunha praza para estacionamento para persoas con mobilidade reducida situada na Rúa Cordieiro, esquina coa Rúa Lorenzo Varela (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 27/07/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a creación dunha praza para estacionamento para persoas con mobilidade reducida na esquina da Rúa Cordieiro (Riveira), según o sinalado no citado informe policial.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 31/07/2018, en relación á *ORDE do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, e se convocan para o ano 2018 (cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). (DOG núm. 131 do 10/07/2018)*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Solicitar a citada subvención para a Escola Infantil Municipal de Riveira para:

- **Obras menores:** instalación para uso de gas cidade para o servizo de cociña.
- **Adquisición e mellora do equipamento do centro:** estrutura de protección solar e parque infantil





Segundo.- Aceptar as condición e os requisitos establecidos na citada convocatoria

SOLICITUDE DE CESIÓN DE ESPACIOS DA CASA DO MAR DE PALMEIRA.

VISTO o requerimento efectuado por **Dña Marta Luaces Pedreira, Secretaría Provincial da TXSS de A Coruña** no senso de proceder a formalizar a **solicitud de cesión de espazos da Casa do Mar de Palmeira,**

A Xunta de Goberno Local de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Solicitar formalmente ante a Tesoureira Xeral da Seguridade Social de A Coruña a cesión de espazos da Casa do Mar de Palmeira de acordo coas seguintes condicións:

- a) O Concello de Riveira faise cargo das débeda da Cofradía de pescadores no momento de formalización da cesión (actualmente a débeda ascende a 6.060,75 euros, que variará conforme transcorran os meses)
- b) O Concello de Riveira adicará a Salón de Actos (Casa de Cultura- Centro Social) os espazos obxecto da cesión.
- c) O Concello de Riveira farase cargo das obras de reforma do inmovible.

Segundo:-Notificalo en tempo e forma o presente acordo a Dña Marta Luaces Pedreira, Secretaría Provincial da TXSS de A Coruña.

Terceiro:- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que este celebre.

Cuarto:-Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario actal., dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

